

III CONGRESO de agroecoloxía e agricultura ecolóxica en Galiza

**SOBERANÍA ALIMENTARIA E
AGRICULTURA ECOLÓXICA.**
Propostas de acción

Vigo, 24-26 de xuño de 2010

Obxectivo xeral

A necesidade de transformar o mundo rural, afastándoo das tendencias do abandono, é un obxectivo social de primeira orde. Consegui-lo é unha tarefa colectiva na que participan políticos, científicos, campesiños, consumidores e as súas asociacións. No ámbito do III Congreso queremos discutir sobre o papel asignado á agricultura ecolóxica nese proceso. Producir alimentos e fibras para os mercados locais mediante sistemas produtivos que aproveiten os recursos locais (ambientais, humanos, culturais, económicos) convértese no elemento crítico do proceso de construción social dun novo mundo rural. Chamamos aos axentes sociais implicados á participación, definindo os problemas e propondo alternativas, co obxectivo de tecermos novas redes que permitan avanzar no camiño da soberanía alimentaria.

Áreas temáticas

1. Políticas agrarias e desenvolvemento rural
2. Protección de plantas, biodiversidade e recursos xenéticos
3. Agroecoloxía e coñecemento tradicional
4. Auga, solos e fertilización. Produción de plantas e prácticas culturais
5. Elaboración, transformación, comercio e consumo de produtos da agricultura ecolóxica
6. Ética, ciencia e educación
7. Transición a agricultura ecolóxica
8. Sistemas ecolóxicos de produción animal
9. Monte: silvicultura ecolóxica, cogomelos e pequenos froitos. Valores sociais e culturais
10. Seguridade e saúde alimentaria. Calidade nos alimentos ecolóxicos
11. Lexislación, normas e certificación
12. Paisaxe, valores ambientais e turismo rural

Datas importantes

Envío do resumo da comunicación/poster

Deberase remitir (ecoecoagro@uvigo.es) arquivo word, cun máximo de 2 páxinas facendo constar: Autor/a e organización; Título; Área Temática na que se propón incluír.

Data límite: 30 de abril

Resposta do Comité Científico: recibido o resumo, en 15 días recibirá o primeiro autor, mensaxe de aceptación ou rexeitamento.

Envío do texto completo

Remítase (ecoecoagro@uvigo.es) texto completo en arquivo de texto cun máximo de 20 páxinas, incluídos cadros, gráficas e bibliografía: papel A4, marxes simétricas de 2,5 cm, 1,5 de interliñado e letra verdana 11.

Data límite: 28 de maio

Resposta do Comité Científico: recibido o texto completo, en 15 días recibirá o primeiro autor mensaxe de aceptación ou rexeitamento.

Idioma

O idioma do congreso será o galego. Textos e presentacións tamén serán aceptadas en castelán e portugués. Editarase libro con todas as comunicacións presentadas.

Lugar de celebración

Universidade de Vigo. Campus Universitario Lagoas-Marcosende. Edificio Miralles. Vigo.



PROGRAMA

Día xoves 24 de xuño de 2010

- 08.30 - 09.30 Acreditación de congresistas e entrega da documentación
09.30 - 11.00 Conferencia de Apertura: **Incorporando a soberanía alimentaria á agroecoloxía.** Eduardo Sevilla Guzmán, Universidade de Córdoba
11.00 - 12.00 Primeira Sesión de Comunicacións
12.00 - 12.15 Pausa café
12.15 - 14.00 Segunda Sesión de Comunicacións
14.00 - 16.00 Comida
16.00 - 17.30 Conferencia Plenaria. **Perspectivas e políticas para o medio rural galego do século XXI; o papel da agricultura ecolóxica.** Edelmiro López Iglesias, Universidade de Santiago de Compostela.
17.30 - 17.45 Pausa café
17.45 - 19.15 Terceira Sesión de Comunicacións.
19.15 - 20.45 Conferencia Plenaria. **Outra ciencia agraria para a proposta agroecolóxica: leccións da Historia.** Lourenzo Fernández Prieto, Universidade de Santiago de Compostela.

Día venres 25 de xuño 2010

- 09.30 - 10.45 Conferencia Plenaria. **Xestión e aproveitamento dos recursos pastábeis extensivos no monte galego.** Xosé María Eloi Villada Legaspi, Xunta de Galicia.
10.45 - 12.00 Cuarta Sesión de Comunicacións.
12.00 - 12.15 Pausa café
12.15 - 14.00 Conferencias Plenarias. **Recuperación de variedades tradicionais para agricultura ecolóxica.** Pedro Revilla e Amando Ordás, Misión Biolóxica de Galicia.
Cultivando o desastre: o fracaso do sistema agro-alimentario transnacional e os transxénicos como falsa solución á crise climática, enerxética e alimentaria. Tom Kucharz, Ecologistas en Acción
14.00 - 16.00 Comida
16.00 - 18.00 Mesa Redonda: **O papel do caprino nas estratexias multifuncionais. O Caprino ecolóxico en Andalucía.** Yolanda Mena, Universidade de Sevilla. **Unha experiencia práctica de caprino ecolóxico na Serra de Cádiz.** Daniela Hinojo Antille, Gandeira andaluza. **Alternativas á sanidade animal: experiencias en gandaría ecolóxica.** Óscar García Barrero, Veterinario.
18.00 - 18.15 Pausa café
18.15 - 19.30 Quinta Sesión de Comunicacións.
19.30 - 20.45 Conferencia de Clausura: **A soiacización da agricultura arxentina e a soberanía alimentaria. Leccións para aprendermos.** Santiago J. Sarandón, Universidade de La Plata, Arxentina.
20.45 - 21.00 Conclusións do Congreso
21.00 Acto de Clausura

Día sábado 26 de xuño 2010

- 9-14 hs Visita de Campo para recoñecer experiencias de agricultura ecolóxica no Baixo Miño.



COMITÉ DE ORGANIZACIÓN

María Dolores Domínguez García. Wageningen University
Xavier Simón Fernández. UVIGO
David Pérez Neira. Universidade de Sevilla.
Daniel Vázquez Meréns. UVIGO
Secretario: Damián Copena Rodríguez. UVIGO

COMITÉ CIENTÍFICO

Manolo González de Molina. Universidade Pablo Olavide. Sevilla
Jan Douwe van der Ploeg. Universidade de Wageningen. Holanda
Francisco Xavier Sans. Universidade de Barcelona
Adolfo Cordero. UVIGO
Ernesto Sánchez. Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia
Xavier Simón Fernández. UVIGO
Presidente: Santiago Javier Sarandón. Escola de Agronomía. Universidade de La Plata. Argentina

DATAS DE INSCRIPCIÓN

Antes do 1 de maio
Cota ordinaria: 60 €
Estudantes e Desempregados: 30 €

A partir do 1 de maio
Cota ordinaria: 90 €
Estudantes e desempregados: 40 €

A matrícula dá dereito a asistir a todas as actividades programadas, recibir os materiais do Congreso e o libro de actas.

XEITO DE REALIZAR O PAGAMENTO

- Matrícula desde a Comunidade Autónoma: Desde a Caixa Galicia co código do Congreso (INV00065), indicando nome e DNI.
- Matrícula desde fóra da Comunidade Autónoma: Transferencia a Caixa Galicia **2091 0501 64 3110000201** indicando código do Congreso (INV00065), nome e DNI.
- Matrícula desde o estranxeiro; Transferencia a **ES29 2091 0501 64 3110000201** co código SWIFT CAGLESMM, indicando código do curso (INV00065), nome e DNI.
- Enviar copia do pagamento á Secretaría do Congreso

BECAS

Existen 25 becas de inscrición destinadas a estudantes e desempregados. Inclúe a matrícula. Concederanse por orde de inscrición. Será necesario presentar certificado da condición requerida.